



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Corrección decreto 2017 de 27-12-22 de aprobación de Bases xerais convocatorias dos procesos de estabilización e nas bases específicas de concurso oposición

Expte. núm. 2022/G003/002215

ANUNCIO

Corrección decreto 2017 de 27-12-22 de aprobación de Bases xerais convocatorias dos procesos de estabilización e nas bases específicas de concurso oposición

Mediante resolución numero 8/2023 de data 2 de xaneiro de 2023, a alcaldía acordou:

“Dada conta da resolución desta alcaldía número 2107 de 27 de decembro de 2022 de aprobación das bases xerais e específicas dos procesos para o desenvolvemento da oferta de emprego público de estabilización para o Concello de Sada do ano 2022, e resultando que no parágrafo terceiro dos antecedentes de dita resolución facíase referencia a tramitación urxente para enviar a publicación no boletín oficial da provincia e no boletín oficial do estado e sen embargo na parte dispositiva recolleuse por erro que se enviara ao DOG.

Ademais nas bases específicas seguintes recolleuse por erro unha valoración da experiencia que non é maioritaria, tal e como preceptúa o art. 2.4 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público:

- 1 psicólogo (funcionario)
- 1 educador social (funcionario)
- 1 traballador social (funcionario)
- 1 auxiliar administrativo de servizos sociais (funcionario)
- 1 técnico de deportes (funcionario)
- 1 técnico orientación laboral (funcionario)
- 1 técnico animación sociocultural (funcionario)
- 1 auxiliar administrativo de rendas e exaccións (funcionario)
- 1 auxiliar administrativo de secretaría (funcionario)
- 1 operario tractorista (laboral)
- 11 socorristas (discontinuos laboral)

Así que de forma errada establecíase a seguinte distribución de puntuación na fase de concurso:

“EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 15 puntos.

MÉRITOS ACADÉMICOS: valoraranse ata un máximo de 25 puntos, conforme ás seguintes regras (co desgloxe correspondente a cada praza):

- 1) Por titulación superior á requerida para o acceso á praza: ata un máximo de 5 puntos.
- 2) Valoraranse ata un máximo de 10 puntos.
- 3) Valoraranse ata un máximo de 10 puntos”.

Nas prazas de técnico de animación sociocultural e de educador social ademais estaba errada a puntuación de 20 na parte de méritos.

Nas prazas de técnico de animación sociocultural e de educador social ademais estaba errada a puntuación de 20 puntos na parte de méritos.

E na praza de operario tractorista:

“EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 20 puntos.

MÉRITOS ACADÉMICOS: valoraranse ata un máximo de 20 puntos.

1) Valoraranse ata un máximo de 10 puntos.

2) Valoraranse ata un máximo de 10 puntos

Debendo modificarse para que a maioritaria sexa a puntuación outorgada á experiencia profesional dentro da puntuación do concurso.

Ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas,

RESOLVO:

Primeiro.- Corrixiro apartado terceiro da resolución núm. 2107 de data 27/12/2022, quedando redactada do seguinte xeito: «TERCEIRO. Publicar as bases xerais das probas selectivas e específicas no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello. Publicar un extracto das bases xerais no Boletín Oficial do Estado. Estará a disposición das persoas interesadas no taboleiro da sede electrónica deste Concello <https://sede.sada.gal>»

Segundo.- Corrixir a puntuación outorgada na fase de concurso á experiencia, quedando reaxustada a puntuación na parte de concurso da seguinte maneira nas bases específicas de 1 psicólogo (funcionario), 1 educador social (funcionario), 1 traballador social (funcionario), 1 auxiliar administrativo de servizos sociais (funcionario), 1 técnico de deportes (funcionario), 1 técnico orientación laboral (funcionario), 1 técnico animación sociocultural (funcionario), 1 auxiliar administrativo de rendas e exaccións (funcionario), 1 auxiliar administrativo de secretaría (funcionario) e 11 socorristas (discontinuos laboral), tendo en conta que o desgloxe dentro de cada apartado manterase o existente en cada praza:

EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 21 puntos.

MÉRITOS ACADÉMICOS: valoraranse ata un máximo de 19 puntos, conforme ás seguintes regras:

1) Por titulación superior á requirida para o acceso á praza: ata un máximo de 4 puntos.

2) Valoraranse ata un máximo de 7,5 puntos.

3) Valoraranse ata un máximo de 7,5 puntos.

Terceiro.- Corrixir a puntuación outorgada na fase de concurso á experiencia na praza de operario tractorista (laboral), quedando reaxustada a puntuación na parte de concurso da seguinte maneira, co desgloxe establecido nas bases:

“EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 30 puntos.

MÉRITOS ACADÉMICOS: valoraranse ata un máximo de 10 puntos.

1) Valoraranse ata un máximo de 5 puntos.

2) Valoraranse ata un máximo de 5 puntos

Cuarto.- Publicar a presente corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial do Estado. As bases corrixidas estarán a disposición das persoas interesadas no taboleiro da sede electrónica deste Concello <https://sede.sada.gal>

Sada, 4 de xaneiro de 2023

A alcaldesa acctal,

María Pardo Fafián

2023/47